

**- CONCELLO DE RIANXO -**

**- PROVINCIA DE A CORUÑA-**

**DA SESION CONSTITUTIVA CELEBRADA POLO PLENO  
MUNICIPAL  
- DIA 11 DE XUÑO DE 2011 -**

**Marxe que se cita:**

**Concelleiros/as:**

- 1.-Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN
- 2.-JOSE RICARDO BESADA GESTO
- 3.-Mª DE LAS NIEVES VICENTE VARELA
- 4.-JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE
- 5.-ELISA BOUZAS VICENTE
- 6.-ANA MARIA EITOR VIDAL
- 7.-ADOLFO FRANCISCO MUIÑOS  
SANCHEZ
- 8.-ADELINA CES QUINTANS
- 9.-XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ
- 10.-Mª TERESA SOBRADELO IGLESIAS
- 11.-CONSTANTINO CASTAÑO CALVO
- 12.-HADRIANA ORDOÑEZ OTERO
- 13.-JOSE CARLOS GEY HERMO
- 14.-JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO
- 15.-CARLOS HERINQUE FERNANDEZ  
COTO
- 16.-MARIA OLGA GONZÁLEZ DOURADO
- 17.-SONIA CASTAÑO EIRAS

**Secretaria:**

Carolina Costoya Pardo

**Interventora:**

-----

1. CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE
2. COMPROBACIÓN DE CREDENCIAIS
3. XURAMENTO OU PROMESA DOS CONCELLEIROS.

Na Casa Consistorial de Rianxo na data sinalada ut supra, ás **12:00 horas** reúnen os/as señores/as Concelleiros/as electos/as que á marxe se indican, coa asistencia da Secretaria da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, a sesión constitutiva da Corporación, de conformidade co establecido nos artigo 36 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e artigo 195 da Lei Orgánica 5/1995, de 18 de xuño, de Réxime Electoral Xeral.

Declarada aberta a sesión, a Secretaria do Concello explica que o obxecto da sesión que se está a celebrar é proceder á constitución do novo Concello de Rianxo e a elección do Alcalde, en base aos resultados electorais obtidos o pasado día 22 de maio, data de celebración das eleccións para a renovación da totalidade dos membros das Corporacións Locais.

Explica que o procedemento de constitución do Concello, de conformidade co disposto na lexislación electoral vixente, implica a realización das seguintes actuacións:



4. ELECCIÓN DO ALCALDE
5. XURAMENTO OU PROMESA DO ALCALDE E TOMA DE POSESIÓN
6. ARQUEO EXTRAORDINARIO E COMPROBACIÓN DO INVENTARIO DE BENS E DEREITOS

A continuación a Secretaria pasa a dar lectura do artigo 195 da Lei Orgánica 5/1985, de 16 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, nos termos seguintes:

*“1. As Corporacións municipais constitúense en sesión pública o vixésimo día posterior á celebración das eleccións, salvo que se presentara recurso contencioso-electoral contra a proclamación de electos, constituíndose neste caso o cuadraxésimo día posterior ás eleccións.*

*2. A tal fin, constitúese unha Mesa de Idade integrada polos elixidos de maior e menor idade, presentes no acto, actuando como Secretario o que o sexa da Corporación.*

*3. A Mesa comproba as credenciais presentadas ou acreditacións da personalidade dos electos con base ás certificacións que ó Concello remitira a Xunta Electoral de Zona.*

*4. Realizada a operación anterior a Mesa declarará constituída a Corporación se concorren a maioría absoluta dos concelleiros electos. En caso contrario, celebrarase sesión dous días despois, quedando constituída a Corporación calquera que fora o número de Concelleiros presentes”.*

A Secretaria explica que, de conformidade con artigo citado vaise proceder á constitución da Mesa de Idade, que vai a presidir a sesión ata o momento en que, como consecuencia da elección, se proclame Alcalde e proceda este a tomar posesión.

## **1.- CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE .-**

Sinalase que de acordo co previsto no artigo 195.2 da LOREG e artigo 37-2 ROF, integran a Mesa os concelleiros de maior e menor idade.

Procédese entón a chamar aos concelleiros electos de maior e menor idade presentes para formar a Mesa de Idade, que será presidida polo maior, sendo Secretaria da mesma a Secretaria desta Corporación. Así resulta:

### MESA DE IDADE

Presidencia: D. MARIA OLGA GONZÁLEZ DOURADO  
Concelleiro/a asistente de maior idade.

D/ D<sup>a</sup> HADRIANA ORDOÑEZ OTERO  
Concelleira de menor idade.

Secretaria:  
DONA CAROLINA COSTOYA PARDO, Secretaria da Corporación.

## **2.- COMPROBACIÓN DE CREDENCIAIS.**



Acto seguido deuse lectura pola Secretaria dos nomes e apelidos dos Señores/as Concelleiros/as electos/as que asisten á sesión, comprobadas pola Secretaria as credenciais presentadas coa acta da Xunta Electoral, figurando as seguintes no expediente desta sesión:

- 1.-Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN PRESENTADA
- 2.-JOSE RICARDO BESADA GESTO PRESENTADA
- 3.-Mª DE LAS NIEVES VICENTE VARELA PRESENTADA
- 4.-JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE PRESENTADA
- 5.-ELISA BOUZAS VICENTE PRESENTADA
- 6.-ANA MARIA EITOR VIDAL PRESENTADA
- 7.-ADOLFO FRANCISCO MUIÑOS SANCHEZ PRESENTADA
- 8.-ADELINA CES QUINTANS PRESENTADA
- 9.-XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ PRESENTADA
- 10.-Mª TERESA SOBRADELO IGLESIAS PRESENTADA
- 11.-CONSTANTINO CASTAÑO CALVO PRESENTADA
- 12.-HADRIANA ORDOÑEZ OTERO PRESENTADA
- 13.-JOSE CARLOS GEY HERMO PRESENTADA
- 14.-JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO PRESENTADA
- 15.-CARLOS HERINQUE FERNANDEZ COTO PRESENTADA
- 16.-MARIA OLGA GONZÁLEZ DOURADO PRESENTADA
- 17.-SONIA CASTAÑO EIRAS PRESENTADA

Advírtese pola Secretaria que, a pesares de terse solicitado con tempo á Xunta Electoral de Zona a rectificación da acta de proclamación remitida, ao terse detectado erróneo o primeiro apelido do concelleiro Jose Carlos Gey Hermo, non enviaron corrección, mais o concelleiro si aporta credencial correcta e consta a esta Secretaria que así o é. Danse todas por correctas.

Pola Secretaria dáse conta de que os/as candidatos/as electos/as en cumprimento do disposto no número 5 do artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, do 21 de abril, presentaron ***declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos, así como a declaración dos seus bens patrimoniais.***

Caso de coñecer nalgunha incompatibilidade informaráselle e someterá á declaración plenaria, debendo o concelleiro en cuestión optar pola renuncia ao cargo de concelleiro ou á actividade que a ocasiona no prazo de dez días dende aquel momento.

### **3.- XURAMENTO OU PROMESA DOS CONCELLEIROS.**

O Presidente explica que, seguidamente, procederase á formulación do xuramento ou promesa de acatamento a Constitución legalmente esixido. A estes efectos cada un do/as concelleiro/as, a medida que vaian sendo chamados, dirixiranse á Mesa a efectos de presta-lo seu xuramento ou promesa.

A Secretaria explica que o chamamento farase pola orde de maior a menor representación, quedando para o final os membros da Mesa de Idade, tomando posesión a vogal ante o Presidente, e este último ante a Secretaria.



A continuación procedeuse a presta-lo xuramento ou promesa legalmente esixido por cada un dos Sres/as. Concelleiros/as electos/as baixo a fórmula que establece o Real Decreto 707/1979, do 5 de abril, que se reproduce a continuación:

*“Xuro (ou prometo) pola miña conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de CONCELLEIRO/A, con lealdade o Rei, gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.*

CONSTESTANDO M<sup>a</sup> VANESA MARTÍNEZ DURAN- -----PROMETO.  
JOSE RICARDO BESADA GESTO-----XURO.-  
M<sup>a</sup> DE LAS NIEVES VICENTE VARELA-----PROMETO-  
JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE-----PROMETO-  
ELISA BOUZAS VICENTE-----PROMETO-  
ANA MARIA EITOR VIDAL-----PROMETO-  
ADOLFO F. MUIÑOS SANCHEZ-----PROMETO, e engade “ con lealdade ao pensamento de Castelao, Sempre en Galiza”.  
ADELINA CES QUINTANS-----PROMETO, e engade “ traballarei por Rianxo, sempre Rianxo, sempre Galiza como quixo Castelao”.  
XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ-----PROMETO-  
M<sup>a</sup> TERESA SOBRADELO IGLESIAS-----PROMETO, e engade “ facer todo ben por Rianxo”.  
CONSTANTINO CASTAÑO CALVO-----PROMETO, e engade “ cumprir todo o que ten prometido o BNG de Rianxo”  
JOSE CARLOS GEY HERMO-----PROMETO-  
JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO-----PROMETO-  
CARLOS HERINQUE FERNANDEZ COTO-----PROMETO-  
SONIA CASTAÑO EIRAS-----PROMETO-  
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO-----PROMETO-  
MARIA OLGA GONZÁLEZ DOURADO-----PROMETO-

## CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN

Realizadas as operacións anteriores, a Mesa declara constituída a Corporación, a concorrer a totalidade dos Concelleiros electos que figuran ao principio desta acta.-

### 4.- ELECCIÓN DO ALCALDE.

O Presidente da Mesa de Idade sinala que a continuación procederase á elección do Alcalde e cede a palabra a Secretaria, co obxecto de que explique o procedemento a seguir para a citada elección.

Dáse lectura ó artigo 196 da LOREX, que establece o procedemento para a elección de Alcalde.

*<<Na mesma sesión de constitución da Corporación procédese á elección de Alcalde, de acordo co seguinte procedemento.*

- A) *Poden ser candidatas tódalas Concelleiros que encabezen as súas correspondentes listas.*
- A) *Se algún deles obtén a maioría absoluta dos votos dos Concelleiros é proclamado electo.*
- A) *Se ningún deles obtén esta maioría é proclamado Alcalde o Concelleiro que encabece a lista que obtivera maior número de votos populares no correspondente municipio. En caso de empate resolverase por sorteo.>>*



O artigo 19 da LBRL remite para a elección do Alcalde á lexislación electoral xeral. O artigo 40 do ROF en similares termos engade: "... *sen prexuízo da aplicación das normas relativas ao réxime das sesións plenarias do concello*".

Así as cousas o artigo 5 da LOREG prevé o voto segredo para a elección de representantes sen distinguir entre eleccións en primeiro ou segundo grado.

Por outra banda, a LBR len relación aos sistemas de votación dedica o artigo 46.2.d), que apunta unicamente as votacións ordinaria se as nominais, mentres que o artigo 70 do mesmo corpo legal contempla o debate e votación segreda para aqueles asunto que afecten aos dereitos fundamentais recollidos no artigo 18.1 da Constitución Española ( o que se reproduce tamén no artigo 88 do ROF)

Considera os diferentes sistema sindicados, descartase a votación nominal por requirirse no artigo 102.2. proposta dalgún grupo municipal, xa que logo aínda non están constituídos como tales. En canto á votación segreda, dificilmente sería encadrable a elección de Alcaldía no suposto regulado no artigo 70 LBRL, mais sen embargo, existe unha referencia expresan na normativa de réxime local. Concretamente o artigo 102.3 ROF sinala que "*a votación segreda so poderá empregarse para a elección ou destitución de persoas*". Elo sen esixir previo acordo.

En consecuencia, conxugando o estipulado nos diferentes preceptos mencionados, especialmente o artigo 19 LBRL co artigo 5 LOREG, e o 102.3 ROF, estimase que o sistema aplicable para a elección de Alcalde debido a súa consideración expresa, será a votación segreda sen acordo algún previo. A tal fin, e previo chamamento pola Secretaria da corporación, será depositada por cada concelleiro/a unha papeleta na urna, papeleta na que indicaran o nome do candidato da súa elección entre os que se presentan, ou ben o seu voto en branco equivalerá a unha abstención ( 101 ROF)

PRESIDENTE: a continuación procederase a facer a votación:

SECRETARIA: A efectos de presentar as correspondentes candidaturas:

Ten a palabra o cabeza de lista do PP: PRESENTASE

Ten a palabra o cabeza de lista do BNG: PRESENTASE

Ten a palabra o cabeza de lista do PSOE: RENUNCIA

Quedan PROCLAMADAS AS CANDIDATURAS SEGUINTE:

-Polo PP: Maria Vanessa Martinez

-Polo BNG: D.ª Adolfo Fco. Muiños Sanchez.

A continuación ofrecese unha papeleta en branco a cada concelleiro, para a súa cobertura, e chamase a cada un deles para depositala na urna. Rematada a votación, abrese a urna e realizase a apertura unha por unha das papeletas pola Presidente da Mesa, sendo o resultado o seguinte:

- Votos Candidato do P.P.: 6 ( seis)
- Votos Candidato do BNG: 11 ( once)
- Abstencións: 0 ( cero)



-PRESIDENTE: *Queda proclamado Alcalde do Concello de Rianxo o Concelleiro candidato da lista do BNG, D.Adolfo Francisco Muiños Sanchez.*

## **5.- XURAMENTO OU PROMESA E TOMA DE POSESIÓN DO ALCALDE. (art. 18 TRRL)**

A Secretaria indica que a continuación procederase a **toma de posesión** de D. *Adolfo Francisco Muiños Sanchez*, como novo Alcalde do Concello de Rianxo, mediante a lectura de fórmula legal de xuramento ou promesa de acatamento a Constitución.

*“Xuro (ou prometo) pola miña conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de CONCELEIRO/A, con lealdade o Rei, gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.*

D. Adolfo Francisco Muiños Sanchez, di Prometer, conforme a súa conciencia e honor e respecto á Constitución, traballando con lealdade ao pensamento de Castelao, e polo pobo de Rianxo.

A Secretaria lle pregunta se está a prometer segundo a fórmula legal, e éste resposta afirmativamente.

A Presidencia da Mesa lle indica que proceda a ocupar a Presidencia da sesión.

O Alcalde toma a palabra para pronunciar o seu discurso:

<<En primeiro lugar, dar o agradecemento aos veciños e veciñas que co seu voto posibilitan estar aquí. É por suposto, a enorme responsabilidade, e grande tarefa a levar a cabo por diante.

Ó pasado 22 de Maio celebráronse eleccións municipais no Concello de Rianxo nas que os veciños e veciñas expresaron o apoio a unha maioría social progresista e nacionalista que orientará a acción municipal ao longo dos vindeiros 4 anos. Buscamos co acordo dar estabilidade e solidez á acción de goberno garantida con once concelleiros e concelleiras dos dezasete da corporación.

Pero buscarei tamén contar cunha oposición que forme parte dos grandes acordos que se deben tomar: que fiscalice, que traia demandas que non se atenden, que vixile, que propoña, que discrepe e debata... pero que estexamos xuntos no desenvolvemento do urbanismo, na procura de servizos de benestar e calidade de vida do pobo de Rianxo, xuntos nas decisións positivas.

Aqui hoxe remata este proceso electoral e todos os veciños e veciñas, os que nos votaron e os que non, teñen os mesmos dereitos, son iguais en demandar servizos e que se lles faga escoitar.

Esta casa pasa a ser a casa común de todos e todas: aberta, transparente, de cristal, amábel, atenta e dilixente coa xente que é igual por dentro e xente igual por fora... Este quere ser o estilo.

Hoxe sorpresa preguntaban se este acto era aberto. Recuperar a asistencia aos plenos, abrir canles participación veciñal... Seguir tendo voz. A democracia vai máis alá de votar cada catro anos e logo un cheque en branco.

Austeridade xeral que debe guiar a actuación municipal sempre e, máis se cabe nestes tempos de crise. Ó que non debe tampouco afastarnos do camiño de mellorar desde o local o benestar e a calidade de vida dos veciños e veciñas. Ó goberno que non actúa é o menos austero de todos.



O que non reacciona e se deixa levar é realmente o máis despilfarrador de todos. Mantemos unha estrutura que costa cartos e está parada. É un luxo nestes tempos. Por iso compre actuar desde o local.

Seremos un goberno con impulso, iniciativa e capacidade de xestión que mellore a calidade de vida dos veciños e veciñas e que acade que o Concello de un grande salto adiante na súa modernización e eficacia.

Bastón de mando, símbolo poder municipal pero sobre todo símbolo de que estamos de prestado, lémbraos de que nós pasamos, somos uns servidores do público e que o noso traballo é dar ese servizo á veciñanza e pasar, que o bastón pasa de man a man e el sigue, o pobo sigue, mentres nós marchamos, antes ou despois. Estamos para servir e non servirnos.

Para rematar permitídemme compañeiros e compañeiras de corporación un pequeno recordatorio máis partidario. Todos os partidos presentámonos para ser goberno. É a vocación que teñen, que temos: converterse en forza de goberno para impulsar un proxecto transformador. Pechar hoxe un círculo para unha formación como a nosa despois de trinta e dous anos de eleccións municipais enche de senso o tempo investido, tantos sacrificios persoais, tantas arelas... Non sei como estarán vivindo agora os compañeiros e compañeiras doutras localidades estes momentos de investidura. Pero facelo aquí, onde se respira aos Castelaos, Dieste, Manuel Antonio, Arcos Moldes, os Ínsua... Desde o epicentro do pensamento e da cultura do país... Toda unha honra, un orgullo e unha responsabilidade.

Amigos e amigas. Con humildade recollin o bastón de mando da alcaldía, con humildade agardo un día devolveo sabedor de que me fixen merecente desa responsabilidade que o pobo da e o pobo quita. Viva Rianxo!>>

Faiselle entrega do Bastón de mando.

## **6.- ARQUEO EXTRAORDINARIO E COMPROBACIÓN DO INVENTARIO DE BENS E DEREITOS.**

Para rematar a sesión, o Sr. Alcalde, da paso á Secretaria neste asunto que, explica a todos/as concelleiros/as, que tiveron a súa disposición na Secretaría, dende o día da convocatoria, toda a documentación relativa ao arqueo extraordinario e o inventario de bens, de conformidade co art. 36 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Así mesmo, de conformidade co artigo 36 ROF, elaborouse pola titular da Secretaria xeral, un informe relativo a situación do Inventario, no que conclúe:

### **<<CONCLUSIÓN**

*De acordo co exposto despréndase que, mediante sucesivos acordos plenarios, ou sentencias xudiciais ten sido modificado ó longo do tempo o documento denominado INVENTARIO MUNICIPAL, pero sen que en ningún caso esas modificacións ser recolleran no documento, algo, por outra parte, difícil de levar a cabo habida conta do seu formato.*

*A estes efectos debe subliñarse a necesidade de proceder a unha pronta solución desta situación, que, en definitiva, non permite ter un coñecemento claro dos bens que pertencen a Corporación a efectos da súa protección, uso, cesión ou alleamento.*

*Por iso parece oportuno proceder á contratación dos traballos que permitan regularizar e actualizar o Inventario do Concello, axustándose ás previsións regulamentarias (polo volume de traballo que implica dita actualización, estímase que os servizos municipais non poden asumir dita tarefa axeitadamente), para o cal é preciso habilitar a oportuna consignación orzamentaria. No caso de materializarse dito traballo, sería preciso a aprobación plenaria do mesmo e a inscrición inmediata de tódolos bens (inscribibles) no Rexistro da Propiedade, procedéndose, a partir de esa actualización ou renovación, a efectuar as rectificacións anuais oportunas, coa necesaria coordinación cos servizos de Intervención.*



Do contido do presente informe pódese concluir que **non resulta posible por esta Secretaría tomar as medidas precisas para que o día de constitución da nova Corporación se poida efectuar a comprobación a que se refire o artigo 36 do ROF**, sen perjuicio de que o Pleno da Corporación, en base as competencias que lle outorga o Regulamento de Bens, decida o que estime oportuno.>>

Por outra banda, pola Interventora accidental de Fondos Municipais, elaborouse a acta de arqueo esixida pola normativa, e cuxo contido é o seguinte:

## TESOURERÍA

Acta de arqueo extraordinaria e conciliación de saldos bancarios do Excmo. Concello de Rianxo correspondente ó 10 de xuño de 2011 :

ENTIDADE DE DEPÓSITO	Nº DE CONTA	SALDO FACILITADO POLA ENTIDADE BANCARIA	SALDO CONTABILIDAD E A DATA	DIFERENCIA
Banesto	0030.6157.19.0897133271	3.086,68€	3.086,68	0.00€
Novacaixagalicia	2080.0495.18.0040100012	998,28€	998,28€	0,00€
Novacaixagalicia	2080.0495.11.0040104311	1.757,71€	1.757,71€	0,00 €
Banco Pastor	0072.0125.16.0000100243	2.621,28€	2.621,28€	0,00€
Banco Pastor	0072.0125.17.0000102804	966,69€	966,69€	0.00€
Banco Bilbao Vizcaya Argent.	0182.5947.14.0200150711	861,26€	861,26€	0,00€
Banco Bilbao Vizcaya Argent.	0182.5947.11.0101502268	377.810,28€	377.810,28€	0,00
Banco Popular	0075.8524.96.0660000173	1.177,43€	1.177,43€	0,00€
Banco Popular	0075.8524.93.0660000369	1.421,51€	1.421,51€	0,00€
La Caixa	2100.4694.96.0200006500	15.427,31€	15.427,31€	0.00€
La Caixa	2100.4694.91.0200019992	967,97€	967,97€	0,00€
Novacaixagalicia	2091.0310.14.3110000104	208.592,14€	208.592,14€	0,00
Novacaixagalicia	2091.0310.11.3110000122	942,38€	942,38€	0,00 €
Novacaixagalicia	2091.0310.12.3110000131	5.051,54€	5.51,54€	0,00€
Novacaixagalicia	2091.0310.15.3110001032	364,37€	364,37€	0,00 €
Novacaixagalicia	2091.0310.15.3040002437	0,00€	0,00€	0,00€
Novacaixagalicia	2091.0310.18.3110001041	42.236,31€	42.236,31€	0,00
<b>SUMA Y SEGUE</b>		<b>664.283,14€</b>	<b>664.283,14€</b>	<b>0,00</b>

ENTIDADE DE DEPÓSITO	Nº DE CONTA	SALDO FACILITADO POLA ENTIDADE BANCARIA	SALDO SEGUNDO PARTE DIARIO DE CAIXA	DIFERENCIA	OBSERVACIÓNS
<b>SUMA Y SEGUE</b>		<b>664.283,14€</b>	<b>664.283,14€</b>	<b>0,00</b>	
Caixa Corporación		35,23€	35,23€	0,00	
Anticipo caixa fixa Rosa Mª Rey Romay		634,72€	634,72€	0,00€	
Anticipo caixa fixa Francisco Javier Sánchez Alonso		600,00€	600,00€	0,00 €	
Anticipo caixa fixa Gabriel Bermúdez Piñeiro		600,00€	600,00€	0,00 €	
Anticipo caixa fixa Maria Jesús Hernando Arenas		600,00€	600,00€	0,00€	
<b>TOTAL</b>		<b>666.753,09€</b>	<b>666.753,09€</b>	<b>0,00</b>	

O ALCALDE-PRESIDENTE SALIENTE,

A INTERVENTORA ACCTAL,

A TESOUREIRA,

Asdo/. Pedro Piñeiro Hermida

Asdo/. María Jesús Fernández Reiriz

Asdo/. Ramona Comojo Vicente





## **OBSERVACIONES**

A conta 0182.5947.11.0101502268 é unha conta de crédito o importe da acta de arqueo é o que está dispoñible, adxuntase un extracto de conta donde o importe de -22.189,72€ e o que está en descuberto.

*Rianxo, 10 de xuño de 2011*

O ALCALDE-PRESIDENTE SALIENTE,                      A INTERVENTORA ACCTAL,                      A TESOUREIRA,

*Asdo/. Pedro Piñeiro Hermida      Asdo/. María Jesús Fernández Reiriz      Asdo/. Ramona Comojo Vicente>>*

Co permiso da Presidencia, a Secretaria lémbrales aos concelleiros/as que, de acordo co que xa se lles transmitiu por escrito ao longo da semana, teñen que presentar os escritos relativos á constitución dos grupos políticos, de acordo co previsto no artigo 75 da Lei 5/97, de 22 de Xullo, de Administración Local de Galicia, ao que lle da lectura.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 12:40 HORAS, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

**O Alcalde-Presidente.**

**A Secretaria.**

**Adolfo Muíños Sanchez**

**Carolina Costoya Pardo.**